

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 20 DE DECEMBRO DE 2024

Asistentes:

Presidente

Prada Rodríguez, Julio

Vicedecanos

Presedo Garazo, Antonio

Arribas Álvarez, M^a Carmen

Secretario

Rodríguez Teijeiro, Domingo

PDI

De Uña Álvarez, Elena de

López Díaz, María

Pérez Losada, Fermín

Vaquero Díaz, M^a Beatriz

PDI contratado

Campos Álvarez, Xosé Ramón

Representante alumnado 3º ciclo

Lozano Ramírez, Amado Tierra

PAS

Castro Vázquez, M^a Carmen

Excusan asistencia

PDI

Barriocanal López, Yolanda

Comendador Rey, Beatriz

Reboreda Morillo, Susana

A reunión realizase de xeito presencial na sala de profesorado (Edificio de Facultades) e de xeito telemático na Sala de Xuntas 1 da Facultade de Historia, coa participación dos membros que se citan á marxe o venres 20 de decembro ás 13,00 h en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2024.
2. Informe do presidente.
3. Aprobación, se procede, dos seguintes puntos xa validados na xuntanza da Comisión de Calidade do 20 de novembro de 2024
 - 3.1. AC-01 Admisión, Evolución e Expedición de Títulos Oficiais.
 - 3.2. DE-03 Revisión pola Dirección.
 - 3.3. DO-0204 Xestión das Prácticas Académicas Externas.
 - 3.4. MC-02 Xestión das Queixas, Suxestións e Parabéns.
 - 3.5. R1 DE-02 P2. Panel de indicadores da Facultade de Historia e das súas titulacións (curso 2022/2023).
 - 3.6. R3 DO-0201 P1. Informes de coordinación das titulacións adscritas ao Centro (curso 2023/2024). [Mestrado en Xestión, Protección e Valoración do Patrimonio Cultural].
 - 3.7. R2 DO-0202. Informe final de avaliación do PAT-ANAE (curso 2023/2024). [Mestrado en Xestión, Protección e Valoración do Patrimonio Cultural].
4. Aprobación, se procede, da introdución na descrición xeral da guía da materia *Idioma moderno: Inglés para humanidades* da expresión “Unha vez superada a materia, o alumnado alcanzará o nivel B1 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL)”.
5. Asuntos de urxencia.
6. Rolda de intervencións.

O decano dá lectura aos nomes dos membros da Xunta de Facultade que desculpan a súa ausencia á sesión, e que se relacionan á marxe desta acta.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2024.

A acta é aprobada por asentimento

2. Informe do presidente.

O decano comeza dando a benvida aos membros da Xunta de Centro que se incorporaron á mesma na pasada xuntanza do 13 de decembro, pero que por tratarse de asuntos de trámite se celebrara por correo electrónico e, por conseguinte, non fora posible deixar constancia en acta da benvida. Como representante do PTXAS incorpórase a secretaria do Decanato, María del Carmen Castro, ademais de María Carmen Arribas, que xa era membro da mesma en calidade de vicedecana. Tamén se incorpora como representante do alumnado de terceiro ciclo Amado Tierra Lozano Ramírez, que será o único representante do estudantado ao non se ter presentado candidaturas por primeiro e segundo ciclo, repetindo como representante do PDI-B o profesor Xosé Ramón Campos Álvarez. Agradece o labor dos anteriores representantes na Xunta de Centro e en diferentes comisións, en particular de Ángel Domínguez López, Josefa Rodríguez Bouzas, Alejandro Rama Mosquera, Lucía Domínguez Carrera, David González Jorge, María Martiña Álvarez e tamén de xeito especial a Lucía Rodríguez Álvarez, esta última ademais enlace de galeguidade do Centro, cargo no que cesou o pasado día 13 de decembro ao non renovar como representante de 3º ciclo e daquela perder a súa vinculación orgánica coa Facultade, polo que pregunta aos presentes se hai alguén que se postula para substituíla neste cometido e poder ser nomeado nunha vindeira Xunta de Facultade.

O presidente comeza o seu informe detallando o estado de execución orzamentaria, completando así o xa informado na Xunta de Facultade celebrada o pasado 22 de novembro de 2024, no que xa deu conta de que se executara a práctica totalidade do orzamento anticipando gasto en diferentes capítulos como talleres de captación a cargo de Xeitura e mantemento de servidores e web. Engade que como pode verse no cadro conseguíronse 4.617,36€ da partida de mantemento que xestiona directamente a administradora, que se empregaron para reparar as humidades no Laboratorio de Historia Moderna, Contemporánea e América, os despachos 2, 4 e 6 e o Laboratorio de Historia Antiga, que son os que miran máis cara ao leste e estaban en peores condicións, así como a instalación de novas cortinas no Laboratorio de Historia da Arte e diversas obras de mantemento en despachos. En conxunto, estas achegas supuxeron o 7,71% do orzamento total do Centro, polo que debe terse en conta este

feito á hora de comparar as porcentaxes de gasto respecto de exercicios anteriores.

Explica que máis do 36% do orzamento dispoñible do Centro segue destinándose á promoción do Grao, incluíndo como tal a campaña desenvolta pola empresa Nasas Social and Media, os talleres e as actividades de difusión a cargo de Xeitura e a cartelería, marcapáxinas, etc. empregadas para difusión e incluíndo como tal as Xornadas da Facultade, Xornada de Saídas Profesionais e as Prácticas que se celebran en Armea, que contan cun financiamento específico a cargo do Consello Social e da Vicerreitoría do Campus. Engade que a segunda partida de gasto máis importante son as saídas de estudos e as xornadas e seminarios incluídos na programación docente das diferentes áreas, que supoñen preto dun 17% do gasto total.

A terceira partida de gasto, malia a modificación orzamentaria solicitada para atender os pagos por mantemento da web e da impresora de profesorado e alumnado, foi a de material inventariable, dentro da cal destaca en particular a adquisición de catro ordenadores, tres deles para a aula de informática de libre acceso, a instalación de dous proxectores nas aulas de docencia, as cortinas do Laboratorio de Xeografía e diverso mobiliario e reparacións en despachos. Engade que continúan sendo moi elevados os gastos de mantemento da web e da fotocopiadora do pavillón nº 2, que en conxunto se aproximan aos 8.300 €, sen incluír os gastos de papel, aínda que no caso da web xa se inclúen os gastos de aloxamento e soporte do servidor do vindeiro exercicio. Tamén destacan os máis de 4.000€ que representa o reparto económico entre o profesorado en función das horas de docencia, destacando finalmente outros capítulos como os 1.269 € que supoñen as dietas do profesorado do mestrado de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade e os 1.200 € que representan os gastos de material funxible de Secretaría, decanato e a Área de Apoio.

Agradece, finalmente, que neste exercicio o profesorado se amosase máis dilixente que no pasado ano 2023 á hora de cumprir os prazos de execución de gasto tanto de laboratorios como do reparto docente, o que evitou unha presión innecesaria sobre a Área de Apoio como a perda de fondos derivados da non execución, anunciando que para o vindeiro exercicio se manterán os mesmos prazos taxativos.

Informa, a continuación, que está en marcha o procedemento de recollida dos datos da actividade docente do curso 2023-2024 no marco do programa de Avaliación da Actividade Docente do Profesorado DOCENTIA. Explica que tendo en conta a inclusión dun indicador relativo á existencia de queixas ou incumprimentos sobre o desenvolvemento das clases por parte do profesorado que implicaría que a mera presentación dunha queixa, fundada ou non, debería ser incluída no informe, elevouse consulta á Área de Calidade para explicar que non estabamos dispostos a incluír nese indicador queixas que carecesen de calquera tipo de fundamento, como, por exemplo, as relativas ao profesorado que non desexa facer gravacións. A resposta foi que non era preciso incluír este tipo de queixas e si aquelas relacionadas con aspectos docentes (guías, planificación, etc.).

A seguir, explica que conseguiu culminar o proceso de inscrición do alumado no TFG, proceso moi laborioso como consecuencia da imposibilidade de obter listaxes ben organizados a través de SIGMA e que obriga a revisar unha por unha todas as inscricións para comprobar que coinciden ofertas e alumnado coordinado, xa que nun número importante de casos o profesorado esqueceu incluír ao coordinador do TFG no apartado correspondente, o que impide facer un seguimento axeitado. Apunta, asemade, aos problemas existentes cando se pretende matricular un titor/a externo xa que se non está dado de alta no sistema non aparece na vista de alumnado coordinado e tampouco é posible, polo momento, asignar máis de un TFG a un titor externo.

Finalmente, explica que rematado o prazo establecido para presentar propostas para as Xornadas da Facultade presentáronse as solicitudes seguintes por orde de prelación:

- Quenda de abril: Xeografía Física, Historia Contemporánea, Historia Moderna, Historia de América.
- Quenda de outubro: Medieval e CC.TT. Historiográficas (proposta conxunta), Arqueoloxía, Prehistoria e Historia Antiga.

Engade que Xeografía Física solicitou o cambio de quenda por ter máis docencia no primeiro cuadrimestre, cambio que aceptou Arqueoloxía por estar xustamente na situación contraria. Comunica que, en consecuencia, quedan aceptadas as seguintes propostas:

- Quenda de abril: Arqueoloxía, Historia Contemporánea e Historia Moderna.
- Quenda de outubro: Medieval e CC.TT. Historiográficas (proposta conxunta), Xeografía Física e Prehistoria.

Solicita o decano que canto antes, e sempre antes de mediados de xaneiro, as áreas envíen os datos de contacto das persoas invitadas e un título provisional para poder tramitar a solicitude a subvención. Tamén lembra que en cada quenda ten que haber algún conferenciante “da casa”, entendendo por tal o profesorado das áreas ou alguén de Galicia que non pernocte.

A prof. María López Díaz pregunta pola data das Xornadas e responde o decano que, como sempre, serán o derradeiro xoves dos meses de abril (primeira quenda) e de outubro (segunda quenda).

Finalmente o decano lembra a cuestión da re-certificación do Grao e, en relación con isto, a necesidade de cumprir as cuestións dos indicadores aportando a documentación que se solicitará. Especialmente lembra a necesidade de subir a Moovi o documento de coordinación de materias.

Ábrese un debate no que se discuten aspectos relacionados coa coordinación das materias e os impresos que é necesario subir a Moovi. O decano destaca a súa importancia porque é algo que estaban a esixir as comisións de certificación e, tamén, as vantaxes que ten tanto para o profesorado como para o alumnado, especialmente naquelas materias impartidas por mais dun profesor/a.

3. **Aprobación, se procede, dos seguintes puntos xa validados na xuntanza da Comisión de Calidade do 20 de novembro de 2024**
- 3.1. **AC-01 Admisión, Evolución e Expedición de Títulos Oficiais.**
 - 3.2. **DE-03 Revisión pola Dirección.**
 - 3.3. **DO-0204 Xestión das Prácticas Académicas Externas.**
 - 3.4. **MC-02 Xestión das Queixas, Suxestións e Parabéns.**
 - 3.5. **R1 DE-02 P2. Panel de indicadores da Facultade de Historia e das súas titulacións (curso 2022/2023).**
 - 3.6. **R3 DO-0201 P1. Informes de coordinación das titulacións adscritas ao Centro (curso 2023/2024). [Mestrado en Xestión, Protección e Valoración do Patrimonio Cultural].**
 - 3.7. **R2 DO-0202. Informe final de avaliación do PAT-ANAE (curso 2023/2024). [Mestrado en Xestión, Protección e Valoración do Patrimonio Cultural].**

O decano lembra que tanto os novos procedementos de Calidade aprobados pola Área homónima da Universidade de Vigo como os rexistros vinculados aos seus respectivos procedementos xa foron validados na xuntanza da Comisión de Calidade do pasado 11 de decembro, polo que pregunta se alguén precisa algunha aclaración.

Non producíndose intervención algunha, apróbanse por asentimento.

4. **Aprobación, se procede, da introdución na descrición xeral da guía da materia *Idioma moderno: Inglés para humanidades* da expresión “Unha vez superada a materia, o alumnado alcanzará o nivel B1 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL)”.**

O presidente explica que se trata dunha modificación imposta pola normativa vixente nesta materia que se debeu levar a cabo durante o proceso de elaboración das guías docentes na pasada primavera, pero que non foi introducida pola profesora responsable da materia no seu momento, polo que agora se somete a aprobación toda vez que aínda que se limita á descrición xeral da materia trátase dun trámite necesario.

Apróbase por asentimento.

5. **Asuntos de urxencia.**

Non hai.

6. **Rolda de intervencións.**

O presidente toma a palabra para pedir que conste en acta a petición unánime do profesorado manifestada no Consello de Departamento de

Historia, Arte e Xeografía celebrado inmediatamente antes da presente Xunta de Facultade no senso de solicitar a modificación da actual PDA do Centro por parte dos servizos competentes para evitar, entre outros, os problemas que está a xerar en ámbitos como a correcta certificación das horas de docencia impartidas polo profesorado, a xestión das enquisas de avaliación docente, a posibilidade de que se produzan problemas no futuro no caso de que o alumnado solicite convalidacións de materias nas que non constan os créditos teóricos cursados, etc. Pide que conste en acta, asemade, a petición do profesorado de que se facilite de novo o emprego de Turnitin ou se substitúa por outra ferramenta antiplaxio.

Finalmente despide a reunión desexando a todos os asistentes unhas boas festas.

Remata a sesión ás 13,30 h do día 20 de decembro de 2024, da que eu como secretario dou fe co visto e praxe do decano.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro